



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, NO TERREO DA INVESTIGACIÓN EN MATERIA DE CONSUMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A DIRECTORA

Do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este/a INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar coa **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e terán una duración de 4 anos académicos, estendéndose ata o mes de agosto do ano 2.022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e a Universidade de A Coruña (UDC) co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e a investigación no terreo do análise de produtos de consumo. **Que** existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

PRIMERO. - En virtude do artigo 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, e de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, corres- pónelle á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11? e 13.2 da Constitución, a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, todo isto sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia.

Como consecuencia desa asunción de competencias, por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, aprobouse a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo de carácter administrativo ao que lle corresponde a realización, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da política de defensa do consumidor e usuario nos ámbitos de inspección, vixilancia do mercado, mediación e arbitraje.





SEGUNDO. - Que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Universidade de A Coruña, son conscientes da necesidade de abrir unha liña de colaboración na investigación no eido do consumo, conseguindo desta forma acadar un maior grado de eficacia na protección dos consumidores ampliando o abano de procedementos e investigando en novas formas de coñecer produtos ou substancias que podan conducir a provocar un risco grave para os consumidores.

Que a Universidade da Coruña dispón de Centros de Investigación, como por exemplo / o Instituto Universitario de Medio Ambiente (IUMA), que desenvolve liñas de investigación P relacionadas moi directamente coa colaboración dita no parágrafo anterior.

Que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia dispón do Laboratorio de Consumo de Galicia (LCG) no que existe un laboratorio químico de análise de produtos de consumo que desenvolve tarefas de estudo, análise e investigación relacionadas moi directamente coa colaboración dita no parágrafo anterior.

Que a combinación de coñecementos na realización de actividades conxuntas favorece a mellora da competitividade e permite actuar como referentes tecnolóxicos a ambas institucións, e que os espazos de cooperación mutua e de intercambio de información entre institucións de investigación favorece o desenvolvemento de técnicas e coñecementos que redundará en definitiva en beneficio de los consumidores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

